

*deración Hidrográfica del Norte*, co fin de proceder á ampliación da entulleira da explotación mineira, necesaria para garanti-la súa estabilidade e seguridade, sendo esta a única alternativa posible para mante-la actividade da explotación, polo que a desestimación da petición implicaría graves trastornos ó concesionario, tanto de orde técnica e económica, como de seguridade, segundo o sinalado precedentemente, así como unha influencia negativa na economía da comarca polo impacto que nela causaríase a perda de postos de traballo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Innovación, Industria e Comercio e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinteseis de xuño de dous mil tres

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase urxente, segundo o mencionado artigo 105 da Lei de minas e para os efectos dispostos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, a ocupación do predio anteriormente citado, situado no termo municipal de Quiroga (Lugo), definido nos planos presentados e do que se publicou a súa relación nos boletíns mencionados, predio que é necesario expropiar para dar continuidade ó laboreo da concesión mineira La Ilusión, Fracción Primera, nº 5356.1.

Santiago de Compostela, vinteseis de xuño de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Juan Rodríguez Yuste  
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 23 de xuño de 2003 pola que se declara de interese galego a Fundación Océano Vivo e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Visto o expediente de recoñecemento de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Océano Vivo*, con domicilio en Arcade-Soutomaior (Pontevedra), Rúa do Peirao s/n. C.P. 36390.

Supostos de feito.

1. Que a fundación formulou solicitude de clasificación e de declaración de interese galego o 14 de abril de 2003.

2. A *Fundación Océano Vivo* foi constituída en escritura pública, outorgada en Vigo o día 28 de febreiro de 2003, ante o notario Francisco Fernández Íñigo, co número douscentos vintenoventa do seu pro-

toloco, por Evaristo Lareo Viñas, que intervén en nome e representación da asociación *Comisión de Cofradías de Pescadores Afectados por el Siniestro del Petrolero Prestige*; Manuel Pazos Vázquez, que intervén en nome e representación da *Federación Provincial de Confrarías de Pescadores* de Pontevedra; e Francisco Javier Martínez Durán e Juan Manuel López Álvarez que interveñen no seu propio nome e dereito.

3. O obxecto da fundación, segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos, é o de promover, incentivar e executar cantas accións se orienten á recuperación ambiental e económica de Galicia, traballando na restauración dos danos causados polo afundimento do *Prestige*, canalizando as axudas públicas que, se é o caso, lle sexan concedidas ou privadas que para este fin se destinen.

4. O padroado da fundación estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Evaristo Lareo Viñas, en representación da *Comisión de Cofradías de Pescadores Afectados por el Siniestro del Petrolero Prestige*; vocais: Francisco Javier Martínez Durán e Juan Manuel López Álvarez; secretario: Manuel Pazos Vázquez, en representación da *Federación Provincial de Confrarías de Pescadores* de Pontevedra.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías elevou ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como benéfico-social da *Fundación Océano Vivo*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime de fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procedeuse á súa clasificación como benéfico-social e á súa adscrición á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, é competencia desta consellería a declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Océano Vivo*, dado o seu obxecto, coincidente coas competencias desenvolvidas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, asumindo as funcións que en canto a protectorado lle corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ó abeiro do disposto no artigo 7.5º da Lei 7/1983, do 22 de xuño, á realización da finalidade fundacional débese destinar, cando menos, o oitenta por cento das rendas que obteña a fundación e dos outros ingresos que non forman parte da dotación dela.

Cuarto.-A Lei 11/1991, do 8 de novembro, dá nova redacción ó artigo 21.2º da Lei 7/1983, establecendo por unha parte as obrigas de formular e presentalo orzamento de ingresos e gastos ó protectorado con anterioridade ó inicio do exercicio económico e, por outra, a de efecturar un inventario-balance pechado na data de finalización do exercicio, unha memoria das actividades realizadas durante o ano e de xestión económica do patrimonio, así como a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do ano anterior, que deberán presentarse ó protectorado no prazo de seis meses desde a data de peche do exercicio.

Este conxunto de obrigas débense entender asumidas pola fundación aínda que non se recollan expresamente nos seus estatutos.

Quinto.-Á vista do exposto pódense entender substancialmente cumpridos os requisitos legais e regulamentarios para a declaración de interese galego e a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, Sección de Fundacións da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, segundo se desprende dos artigos 5, 6, 7, 8, 11.1º e 18 do Decreto 248/1992.

Por todo isto,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Recoñecer e declarar de interese galego a *Fundación Océano Vivo*.

Segundo.-Ordena-la súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección de Fundacións da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Terceiro.-Aproba-los seus estatutos e a formación do seu órgano de goberno.

Cuarto.-A dita fundación queda sometida ó disposto no resto da normativa xeral de aplicación, en especial á obriga de da-la publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servicios, quedando obrigada a rende-las contas anualmente ó protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento das cargas fundacionais, así como a presenta-lo proxecto de orzamento antes do último mes do exercicio económico anterior a aquel para o que se formula, debendo solicita-las preceptivas autorizacións do protectorado cando sexan necesarias.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2003.

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

*Decreto 300/2003, do 26 de xuño, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de ampliación e mellora do trazado da estrada provincial 7601 do punto quilométrico 0,000 ó 5,350, da Cruz de Lamestra a San Sadurniño. (Concello de San Sadurniño).*

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día trece de setembro de dous mil dous, aprobou o proxecto de ampliación e mellora do trazado da estrada provincial 7601 do punto quilométrico 0,000 ó 5,350, da Cruz de Lamestra a San Sadurniño e, na mesma sesión, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña foi remitida a documentación complementaria para a correcta tramitación do expediente con data de entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o día dez de xuño de dous mil tres.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable. O dito informe tivo entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o día cinco de marzo de dous mil tres.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala a deputación a actuación é necesaria co fin de evita-lo altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, debido á existencia, entre outros extremos, de curvas perigosas con pequeno raio, edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do piso, o largo da calzada, de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, e a intensidade media do tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deli-